



MISTERIO NO MUSEO 4.º-6.º de Primaria

Misterio no museo é un xogo de orientación con código QR. Imprima cada código QR nunha folla diferente e colóqueas dentro ou fóra, nun lugar onde os alumnos poidan escanear o código con facilidade. As tarefas complétanse en orde numérica. Se están xogando máis dun grupo ou alumno á vez, pode imprimir máis dun conxunto de códigos para que os distintos grupos ou alumnos poidan traballar ao mesmo tempo na mesma tarefa.

Pode usar o xogo de Misterio no museo como exame final ou para comezar unha clase sobre os dereitos de autor. O xogo dura arredor de 30-45 minutos. Despois de completar as tarefas, é bo debater sobre as preguntas e as respostas cos alumnos.

Recoméndase comezar lendo a historia inicial xuntos ou por separado. Despois, os alumnos resolverán os cuestionarios sobre os dereitos de autor que hai tras os códigos QR. Os cuestionarios poden abrirse cun dispositivo móbil e os códigos QR impresos. Para ler os códigos QR, os alumnos precisan un smartphone ou tableta con conexión a Internet e unha aplicación de lector de códigos QR. O lector de códigos QR pode descargarse nos dispositivos desde a tenda de aplicacións. As aplicacións adoitan ser gratuítas. Para ler un código QR, apunte a cámara do dispositivo cara o código QR. O código abrirá a tarefa na pantalla do seu dispositivo.

Para cada tarefa, os alumnos recibirán un código alfabético cando respondan a unha pregunta correctamente. Os códigos alfabéticos deben encherse nun formulario de respostas en orde numérica (o código da primeira tarefa, na primeira casa; o código da segunda tarefa, na segunda casa, etc.). Tras completar as 10 tarefas, os alumnos introducirán o código da solución na casa do misterio para resolvelo. Hai tres solucións distintas da historia dependendo das respostas. O código da solución pode introducirse facendo clic na casa do misterio que se atopa dentro das clases dos cursos 4.º-6.º de Primaria na Aula do Dereito de Autor ou directamente a través do código QR 11.

Ao xogo de Misterio no museo só se pode xogar nun dispositivo móbil coa axuda dun lector QR.

Boa sorte nesta emocionante aventura!



MISTERIO NO MUSEO

(escrito por Tuutikki Tolonen)



No Museo da Aula do Dereito de Autor, inaugurouse unha exposición de películas antigas. Convidaron a clase de Ana e Xosué a ver un espectáculo no museo. Porén, cando chegan, atopan un coche de policía diante do museo. Que pasou?

A clase entra indecisa ao museo. No vestíbulo, unha guía do museo, inquieta, está dando explicacións a un axente de policía:

—Roubaron todas as cintas de películas antigas!

Un ladrón roubounas da caixa que estaba xunto á porta de atrás mentres eu levaba cadeiras ao auditorio.

—Imos botar unha ollada a esa caixa —suxire o policía.

A guía e o policía desaparecen cara á porta de atrás.

—Que imos facer agora?

—pregunta Iris á profesora.

—Deberíamos volver á clase? —continúa Mario.

A profesora mira pensativa.

—Imos agardar un anaco. Se cadra atopan as cintas das películas. Levade os abrigos ao roupeiro e volvede aquí.





No roupeiro, Ana atopa unha sorpresa.
Hai un papagaio sentado no colgadoiro!

—Vaia, mira!
Pregúntome se leva aí sentado moito tempo —dille Ana a Xosué.

Xosué mira ao papagaio e di:
—Aposto a que é a única testemuña do roubo.
É unha mágoa que non poida contárnolo.

O papagaio mira aos nenos cos seus pequenos ollos negros brillantes.

—Se cadra, podo —murmura, de súpeto, con voz rouca.

—Que? —exclaman Ana e Xosué—.

Podes falar?

—Que vos parece? —responde o loro.

—Vale, quen levou as cintas? —pregunta X.

—Información por información, unha resposta por unha resposta —di o papagaio grallando.

—Iso que significa? —pregunta Ana.

O papagaio mira fixamente a Ana e contesta:

—Son o papagaio dos dereitos de autor.

Eu pregunto e vós respondedes.

Se a vosa resposta é correcta, recibiredes unha letra.

As letras diranvos quen roubou as cintas.

Case toda a clase está arremuiñada arredor do papagaio.


Os nenos míranse.

—De acordo. Dános a primeira tarefa! —di Xosué.




1

MISTERIO NO MUSEO




2

MISTERIO NO MUSEO




3

MISTERIO NO MUSEO




4

MISTERIO NO MUSEO




5

MISTERIO NO MUSEO




6

MISTERIO NO MUSEO




7

MISTERIO NO MUSEO




8

MISTERIO NO MUSEO




9

MISTERIO NO MUSEO



10

MISTERIO NO MUSEO



1	2	3	4	5
6	7	8	9	10



1	2	3	4	5
6	7	8	9	10



1	2	3	4	5
6	7	8	9	10



1	2	3	4	5
6	7	8	9	10

